

 AGAPEMA	<p style="text-align: center;">OLIMPIADA MATEMÁTICA GALEGA 2026</p> <p style="text-align: center;">FASE de ZONA</p>	<p style="text-align: center;">(Coloca aquí a etiqueta identificadora)</p>
---	--	--

PROBLEMA 1


Na seguinte multiplicación, cada letra representa unha cifra.

As letras que se repiten corresponden a unha mesma cifra.

Cada letra distinta representa unha cifra diferente.

$$\begin{array}{r}
 \\
 \\
 \times \\
 \hline
 N
 \end{array}$$


Sabendo que $P=2T$, obtén que cifra se corresponde con cada letra.

 AGAPEMA	<p style="text-align: center;">OLIMPIÁDA MATEMÁTICA GALEGA 2026</p> <p style="text-align: center;">FASE de ZONA</p>	<p style="text-align: center;">(Coloca aquí a etiqueta identificadora)</p>
---	--	--

PROBLEMA 2

No polígono da figura cada lado é perpendicular aos dous adxacentes e todos miden o mesmo. Se o perímetro desta figura é 56 u:

- a) Canto mide a área?
- b) Canto mide o segmento AB?





OLIMPIADA MATEMÁTICA
GALEGA 2026


(Coloca aquí a etiqueta
identificadora)

FASE de ZONA

PROBLEMA 3

No cadrado ABCD, os puntos E, F, G e H son os puntos medios dos lados.

Se I é o punto medio do segmento GH, que fracción da área do cadrado ABCD representa a área do triángulo EFI?





OLIMPIÁDA MATEMÁTICA
GALEGA 2026

FASE de ZONA


(Coloca aquí a etiqueta
identificadora)

PROBLEMA 4

Antía, Bea, Cloe, Diana e Elia disputaron unha carreira na que non houbo empates. Antía chegou tantos postos antes ca Bea como Diana de Elia. Nin Cloe nin Elia chegaron terceira nin quinta.

Cal foi a orde de chegada?



 <p>AGAPEMA</p>	<p>OLIMPIADA MATEMÁTICA GALEGA 2026</p> <p>FASE de ZONA</p>	<p>(Coloca aquí a etiqueta identificadora)</p>
--	--	--

PROBLEMA 5

Para o desfile de tropas romanas e castrexas do Arde Lucus 2026, hai inscritas exactamente 100 persoas. A organización só admite dous tipos de agrupacións:

- Patrullas pequenas, de 6 persoas.
- Cohortes grandes, de 10 persoas.

Non se permite deixar ninguén fóra nin formar agrupacións incompletas e non hai un número mínimo de agrupacións de ningún dos dous tipos.

- a) Encontra unha posible forma de organización das patrullas e cohortes.
- b) Atopa todas as organizacións posibles das patrullas e cohortes.
- c) Cal é o mínimo número de formacións posibles? E o máximo?
- d) Se nas seguintes recreacións participa outro número diferente N de persoas, para que valores de N será posible organizar as tropas deste xeito?